

Sobre a muda

Thoughts on moult

<http://www.schaerlaeckens.com/>

27/12/2006

Traducido por Xosé Pereiro Francés

(1/2)

A dicir verdade, non teño ningunhas ganas de escribir este artigo. Ten que ver ca muda e resulta tan inútil como pouco importante. Non me refiro á muda en si, claro, senón ao que eu teña que dicir ao respecto, xa que o que fan as pombas é, simplemente, mudar, algo intrínseco a súa natureza e que non é necesario estimular con nada en especial para que aconteza.

Así como chegado o momento, instintiva e inevitablemente, as andoriñas novas constrúen un perfecto “niño de andoriña” a pesar de que nunca antes viran como outras os facían, cas pombas saudables sucede a mesma historia, mudan inevitablemente cando chega a época de facelo.

Agora estaranse preguntando, entón, por que escribir ou ler acerca da muda? Pois debido a que hai demasiados malos entendidos e porque recibo moitas preguntas sobre o tema, sobre todo de principiantes, que deben ser axudados.

MEDICAMENTOS

Resulta un feito ben coñecido que un debe de afastarse todo o posible dos medicamentos mentres as pombas estean a mudar. Salvo no caso de problemas de saúde, situación no que a penas queda outra opción. O problema é que durante a muda as aves están máis vulnerables as enfermidades xa que logo a renovación das plumas ocorre nun período de tempo tan corto que o seu organismo resulta especialmente debilitado. Entre os variados problemas derivados desta situación un pode ser a paratifose (Salmonelose). Por fortuna, o medicamento para curala non adoita influír na muda en absoluto, salvo, tal vez, o Baytril.

Está claro que non deberíamos medicar contra enfermidades inexistentes, nin durante a muda nin en ningún outro momento. Ao facelo poñemos en perigo a resistencia natural das pombas e podemos chegar, pouco a pouco, a obter un grupo de aves ás que non se poderá axudar en caso de problemas de saúde reais.

En certa ocasión, cando un afeccionado alemán veu a magnífica condición das miñas atletas, inevitablemente preguntoume polo que eu lles tiña administrado (os alemáns son así, adictos a medicamentos e aditivos para os alimentos).

-“Nada en absoluto” contesteille, para agregar logo, -“Medico o menos posible, o que explica que as miñas pombas estean tan saudables”. Entón preguntou -“E non necesita medicalas para mantelas tan saudables? Mireino interrogativamente e pensei “Pobre home, serás un perdedor neste deporte mentres o practiques”.

De tódolos xeitos, como xa dixen, en caso de problemas graves só cabe unha opción e hai que tomar medidas. O risco de prexudicar un concurso è moi

baixo.

TEÑA COIDADADO

Os medicamentos que debemos evitar son especialmente aqueles contra vermes e coccidios que teñan como principio activo as sulfamidas, xa que poden resultar prexudiciais se o tratamento se prolonga.

Como xa dixen, medicar ás pombas contra salmonelose durante a muda no lles debe de facer dano, pero vacinalas probablemente si que o pode facer.

Mentres que hai quen promove a vacinación contra da salmonela, eu estou en contra. Isto pode resultar bastante confuso para os principiantes, pois os veterinarios tamén teñen opinións encontradas. Esta vacina resulta dura e as aves poden verse afectadas durante varios días. Se se aparean ás pombas ao pouco da vacinación poden aparecer problemas que poden estragar toda a campaña de cría; as femias poden deixar de poñer ovos ou simplemente poñelos grolos.

Debe existir, canto menos, unha marxe de 6 semanas entre a vacinación e o momento de aparear.

TÉ E VITAMINAS

As empresas que venden aditivos alimentarios saben que os afeccionados adoran as súas aves e farían todo o que estivera na súa man para mantelas en boa forma. Polo tanto, bombardéannos cunha publicidade agresiva sobre todo este tipo de cousas das que, segundo eles, as nosas pombas teñen unha necesidade imperiosa. "Necesitas usar toda esa trapallada para conseguir bos resultados nas carreiras, para criar e para que as pombas muden correctamente"...iso é, canto menos, o que din. "Se vostede non lles da ás súas pombas os nosos produtos estrela, pon en grave perigo a temporada de carreiras" berra cada un máis alto co anterior. Non acrediten nas súas consignas.

Por suposto que un simple e inocente té non lles vai facer mal ningún as súas pombas así como as vitaminas tampouco llo van facer sempre que non exaxeren o seu uso, pero deixei de crer neles e xa non volvíñ usalos máis.

En moitas ocasións teño administrado vitaminas á metade da miña colonia mentres que a outra metade non lle daba nada. E non observei diferenza ningunha entre os dous grupos respecto aos seus resultados. Así que esquézanse de todo iso a partir de agora.

Pretenden roubarlles os cartos, cando realmente tiveron que traballar moi duro. Por favor, teñan en conta que pódense conseguir moitos cartos cos aditivos alimentarios e medicamentos polo que se fai unha gran inversión en publicidade.

Teñen visto moitos anuncios sobre o grit?

É bastante probable que non. Aínda que estes minerais sexan moito máis importantes que o té, as vitaminas, etc. -Por que entón, pode estarse a preguntar vostede, a xente non promove máis o grit se resulta tan transcendental? A razón resulta simple. Pesa moito, é pouco manexable e... deixa moi pouco beneficio.

SORPRENDIDO

Cada ano, na primavera, sorpréndome cando vexo as brillantes plumas das pombas silvestres no meu patio. Non tiveron ningún tipo de axuda durante todo o inverno, ao contrario. Durante os invernos menos clementes, deben de loitar para sobrevivir debido á falta de comida e auga. Pero aínda así desenvolven a súa muda perfectamente.

Sei que probablemente non se pode comparar as nosas pombas cas silvestres pero, sen embargo... Alimenten a súa imaxinación !

(2/2)

No anterior artigo expresei as mis dúbidas sobre os moitos aditivos que axudan ás pombas na muda.

Pero, sabe vostede no que, polo momento, creo un pouco? No Sedochol !
Fabrícana unha empresa ben coñecida a nivel mundial, e resulta barato.

A metionina, colina e sorbitol son ingredientes útiles para as funcións do fígado e pouco despois de que se empeza a dar Sedochol vostede vai atopar a plumaxe sorprendentemente moito máis suave.

Eu doulla ás miñas aves dúas veces á semana, e non só cando están a mudar senón os doce meses do ano.

Dúas veces escribín sobre el na revista ***Dutch National pigeon magazine NPO***, e dúas veces foi motivo de que a miña dona estivera anoxada comigo.

Durante todo o día estivo a soar o teléfono, ca xente da Holanda e Alemaña a preguntar onde se podía conseguir e como había que usalo. Ningún belga chamou, xa que para eles é algo tan normal coma o grit e poden atopalo en calquera sitio.

Para non recibir todas aquelas irritantes preguntas por correo, fax o por teléfono, aconséllolles encarecidamente botar man do Google. Escriba a palabra "Sedochol" e atopará o que desexa. Por suposto que o Sedochol non resulta "imprescindible", pero ... ata o de agora doulle todo o creto, igual que fan tantos campións, especialmente na Bélxica.

ALIMENTACIÓN

E que pasa ca alimentación? Non lles imos dar as nosas aves unha "mestura especial de muda?" ("Ruimengeling" en holandés). A soa palabra "ruimengeling" xa case que me fai vomitar. En que se basea esa terminoloxía? Carece de todo soporte científico, así que esquézaa tan axiña como poida.

Eu achégome á alimentación dun xeito moito máis sinxelo do que facía no

pasado e doulles a todas as miñas pombas a mesma mestura durante todo o ano. Criadores, pitos novos, voadores, todos eles teñen a mesma comida os 365 días do ano, período de muda incluído.

E nunca houbo ninguén que me dixera “as súas pombas non están a mudar ben, estaralle a dar vostede o alimento axeitado?”

A liñaza podería ser boa para as aves que estean a mudar pero en seguida vai mal e ademais ten pasado máis dunha vez que unha ave morrera por culpa dunha semente que se lle quedou atragoada na gorxa.

Parece lóxico pensar que, especialmente na muda, ese tempo tan difícil para as pombas, a alimentación debería ser completa, con suficiente graxas e proteínas, máis... a alimentación debe de ser completa ao longo de todo o ano ! Mentres que as plumas estean a dar voltas arredor súa, as aves deben alimentarse realmente ben. Pero non debemos deixar de collelas na man regularmente para comprobar o seu peso. Se vostede nota que a graxa empeza a acumularse no seu corpo debe de rectificar de inmediato a alimentación e ofrecerlle menos cantidade.

As aves con exceso de peso non son boas para nada, nin para competir, nin para criar (galiñas gordas non poñen ovos), nin para a muda. Non deben pasar fame, claro, pero saltarse unha comida cada semana non lles vai facer dano ningún, antes ao contrario, vailles estimular a circulación do sangue e, polo tanto, a muda.

LUZ E ESCURIDADE

É ben coñecido polos afeccionados que escurecen os pombais dos pombiños novos que a claridade e a escuridade inflúen dun xeito enorme sobre as hormonas. Escurecendo o pombal, o patrón de muda cambia por completo.

Durante a “época da muda” hai afeccionados que queren ser máis intelixentes que a nai natureza e acenden a luz para forzar as plumas a saír. Isto é absolutamente incorrecto.

Hai un montón de exemplos de columbófilos que arruinaron toda unha temporada de carreiras por ter demasiado tempo acesas as luces no inverno e cando a temporada de carreiras empezaba, as súas aves mudaban a lume de carozo e quedaban inhábiles para ir á cesta.

Hai demasiadas persoas que fan este deporte máis complicado do que debería de ser, e isto acontece tamén na época da muda.

Non obstante hai algo que resulta unha completa obriga: as aves que están a mudar necesitan baño de xeito regular. Existen "pos de baño" especiais, pero en canto ao que a min respecta, son unha perda de cartos. Eu acabo de poñerlles un pouco vinagre e sal na auga, algo que resulta tan bo como barato. E permitirlles estar á chuvia tamén lles vai facer moito ben.

SUPERPOBOACIÓN

Recentemente visitei a tres columbófilos que se queixaban os tres de que as súas aves non estaban en boas condicións e que non estaban a mudar correctamente. Cando lles mirei os pombais vin que os tres estaban superpoboados. Isto non pode ser unha coincidencia senón todo o contrario !!!

Ad Schaerlaeckens